

maría xosé lamas

sonetos

preposicionais



2º PREMIO XLII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA

alvarellos



MARÍA XOSÉ LAMAS (Vilalba, 1961).

Diplomada en Profesorado de Primaria, Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación, Postgrao en Educación Musical e Primeiro Ciclo do Grao Medio de piano, é na actualidade profesora de Educación Musical. Dende 1979 desenvolveu unha intensa labor no ámbito do teatro afeccionado como directora de varias compañías, actriz, tradutora, adaptadora e autora de numerosas pezas teatrais inéditas, mais case todas representadas. O seu primeiro libro de poesía, *Catro palabras caladas*, foi editado no 2001 e reeditado ao ano seguinte. A este seguirán *Datando lembranzas* (2004), *Ao norte do camino* (2004), *Con Fausto, por este río acima* (2010) e *Cantigas para aprender a soñar* (2015). Conta con diversos premios literarios, a parte dos acadados na súa etapa de estudiante: Accésit, Primeiro e Segundo premios no Certame Literario do Concello de Vilalba nos anos 2002, 2003 e 2016, respectivamente, e Premio Arume de Poesía Infantil da Asociación Neira Vilas no 2013.

*SONETOS PREPOSICIONAIS de María José Lamas
obtivo no ano 2016 o segundo premio da XLII edición do
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*


*O xurado estivo composto por José Antonio Pita Paz
(presidente), Darío Villanueva Prieto, M^a Carmen Gueimunde
González, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*



Concello de Vilalba

MARÍA XOSÉ LAMAS

SONETOS PREPOSICIONAIS



alvarellos

Libros do Sarela



© ALVARELLOS EDITORA, 2017

Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© María Xosé Lamas Fernández

Deseño e maquetación: Alvarellos Editora
Impreso en Podiprint

Depósito Legal C 1059-2017
ISBN 978-84-16460-23-6

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algúñ fragmento desta obra.

*A Martín, suxeito destes poemas,
quen foi compaño e hoxe é amigo.*

SONETO... SEGUNDO A UTOPÍA

SEMPRE COIDEI que o amor era utopía,
que os soños non sabían da verdade
e as arelas só eran realidade
na inconsciencia da mente que as sentía.

A vida amosou sempre cara amarga
ante os sentimentos que xurdían
na miña psique illada de ledicias,
saturada de dores e de bágoas.

Mais o tempo saldou as súas débedas
co tesouro do amor que se agochaba
entre soños utópicos serodios.

E revivín sentires como prendas,
como agasallos presos nas entrañas,...
... utopías cumplidas aos meus ollos!

SONETO... PARA A POSTERIDADE

FORON DÍAS dun tempo pracenteiro
que pasaron ao par nas nosas vidas;
foron as experiencias compartidas
que encheron de ledicia dous baleiros.

O teu, duns anos orfos e silentes;
o meu, dunha compaña desnortada;
ambos asolagados entre a nada
dos tempos esgotados e pacientes.

Hoxe quero que deste amor presente
fiquen presas as horas do futuro
co anel que agora poño no teu dedo.

Quero contigo un amor permanente,
para fuxir dos eidos áinda escuros
corrixindo este rumbo xa sen medos.

SONETO... NA PLACE DU TERTRE

DÉIXAME MATIZAR con ocres tenros,
con óleos deste outono morriñento,
esas teas más fondas, os teus lenzos,
cos pinceis deste amor que hoxe estreo.

Déixame que mesture as cores tépedas,
que abrande con suspiros os seus tons,
que dilúa dun xeito sen razón
os sensos que me agardan nesta xeira.

Quero sentir coas xemas dos meus dedos
a textura dos poros da túa pel
estendida no marco do teu peito.

Quero unxir de óleos os teus medos,
mudalos en panais de doce mel,
dourados como a luz deste momento.

SONETO... DENDE UN BOEING 747

DENDE ESTE AIRE que sustenta a vida,
ollo a paisaxe ao fondo deseñada,
as lombas mansas de abas inclinadas
cara a vales de ríos en fuxida;

camiños vellos cruzan as súas vías
—arañeiras das formas más estrañas—
xacendo escuros entre densas fragas
e sobre as verdes chairas largacías.

Óllote ao lonxe e prendo nos teus pasos
coas meniñas preñadas de nostalxia
e o meu desexo estoura no baleiro.

A miña urxencia acode a eses teus brazos
que adoecen na mingua da distancia
que afasta a túa terra do meu ceo.

SONETO... NO LIMIAR DA PORTA

ACHÉGATE AMODIÑO á miña beira,
chanzo a chanzo subindo até esta porta,
que te agardo colmada da impaciencia
que os meus brazos declaran hora a hora.

Achégate calado, que eu espero
nun latexo alarmante, mais pausado,
coa arela da caricia, en desespero
polo riso que amosas despregado.

Achégate tan tenro como podas,
cos teus brazos abertos cara á vida,
co teu desexo ledo e desbocado.

Achégate coma un ramo de rosas
que enfeite a miña ansia desmedida,
co celme do teu peito acompasado.

Outros Libros do Sarela
de ALVARELLOS EDITORA

ROSA TÁNTRICA

Luz Pozo Garza

Finalista II Gala do Libro Galego 2017

SOBRE RUÍNAS

Xesús Rábade Paredes

Premio da Edición de Galicia 2013

Premio Fervenzas Literarias 2013

Finalista Premio AELG 2013

ADAGIO POR OUTONO

Modesto Fraga

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2015

ABRINDO FIESTRAS EN CARNE VIVA

Carlos Pereira

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2014

OS PRIVILEXIOS DOS SOMNÁMBULOS

Pablo Bouza

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2013

Finalista Premios da Edición de Galicia 2014

QUENDA DA CATIVIDADE

Xoán X. Piñeiro

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2012

ABRINDO FIESTRAS EN CARNE VIVA

Carlos Pereira

Iº Premio Certame Literario de Vilalba 2011

CATAVENTO DE NEUTRÓS

DOMESTICADOS

Manuel María

VER CATÁLOGO EN ALVARELLOS.INFO

A POESÍA QUE TODO O NOMEA: o amor, o desamor, a paisaxe, o tempo... Eixes sobre os que transcorre, fuxe, o noso vivir. Sentimentos recreados en trinta e cinco composicións poéticas, construídas baixo a aparente sinxeleza, musical e perfecta, do soneto. "Soneto do desacougo", "Soneto dende un Boeing 747", "Soneto da eterna amizade", "Soneto da seca"... María Xosé Lamas mergúllase na utopía e poetiza a vida, o día a día e, tamén, os seus desvelos. Esta obra recibiu o Segundo Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición nº 42 (2016).



BINIVERTEDITO

Libros do Sarela

9 788416 460236



Concello de Vilalba